



Código do documento	Código do expediente
UPO18I01IN	UPO/2023/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3N0P 5V4K 650N 4L5D 00N7	

Libro de Resolúcións

Número : 1145

Data : 19/06/2024

GSM

## RESOLUCIÓN

### **LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS – EXCLUÍDOS PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR DEZ PRAZAS DE AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO DE TITULACIÓN C2, FUNCIONARIO DE CARREIRA, POLAS QUENDAS DE PROMOCIÓN INTERNA E PROMOCIÓN INTERNA-RESERVA DE PRAZAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO OPOSICIÓN**

C.I.F. P-1503100-H

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2023 aprobou a convocatoria e as bases da convocatoria do proceso selectivo para cubrir dez prazas de auxiliar de administración, da escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, polas quendas de promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición.

O día 28 de maio de 2024, a concelleira delegada de Cohesión social, Recursos humanos e Réxime interior aprobou a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a provisión polo sistema de concurso – oposición de dez prazas de auxiliar de administración, da escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, polas quendas de promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición. Publicada no Boletín Oficial da Provincia número 107 do 04 de xuño de 2024.

O día 18 de xuño de 2024 rematou o prazo de presentación de reclamacións ou emendas á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para tomar parte na convocatoria realizada por este concello para a provisión polo sistema de concurso – oposición de dez prazas de auxiliar de administración, da escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, polas quendas de promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso

1 de 4



Código do documento	Código do expediente
UPO18101IN	UPO/2023/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3N0P 5V4K 650N 4L5D 00N7	

oposición. Durante o citado prazo dona Nieves García Pérez e don Ignacio Barbeito Arcas subsanaron a causa que motivou a súa exclusión.

Na base 4.3 e 5.1 da convocatoria establécese que unha vez que remate o prazo de reclamacións dítarase resolución aprobando a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, a data, hora e lugar do comezo do procedemento de selección e a composición do tribunal cualificador

De acordo cos antecedentes e consideracións expostas,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocadopara cubrir dez prazas de auxiliar de administración, da escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, polas quendas de promoción interna e promoción interna-reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición., de acordo co seguinte detalle:

#### ADMITIDAS/OS:

Núm. orde	Apellidos e Nome	DNI	Exención galego
1	Añón Álvarez, Vanesa María	** *17 77* *	Si
2	Barbeito Arcas, Ignacio	** *87 50* *	Si
3	Bello Cañas, Ana María	** *79 45* *	Non
4	Calvete Iglesias, Ana Isabel	** *93 17* *	Si
5	Gago Vázquez, Francisco Javier	** *68 71* *	Si
6	García Pérez, M. <sup>a</sup> Nieves	** *43 87* *	Si
7	Lema Grela, Fernando Roberto	** *58 30* *	Si
8	Rozas Vega, Ana Belén	** *19 92* *	Si

**Segundo.-** Determinar a composición do tribunal cualificador de acordo co establecido na base 5.1 das bases específicas da convocatoria:



Código do documento	Código do expediente
UPO18I01IN	UPO/2023/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3N0P 5V4K 650N 4L5D 00N7	

Presidente/a:

Titular.- Javier Varela Tejedor (xefe do Gabinete técnico do Concello de Culleredo)

Suplente.- Beatriz Souto Espiñeira (administrativa do Concello de Culleredo)

Secretario:

Titular.- Rafael José del Barrio Berbel (secretario xeral do Concello de Culleredo)

Suplente.- O/A funcionario/a que ocupe a praza de secretario xeral accidental ou persoa en quen delegue.

Vogais:

Titular.- Karina Paula Díaz Arluna (técnica administración xeral do Concello de Culleredo)

Suplente.- Mónica López Andrade (técnica administración especial do Concello de Culleredo)

Titular.- María Dolores Farto Loureiro (administrativa do Concello de Culleredo)

Suplente.- Belén Monroy García (administrativa do Concello de Culleredo)

Titular.- Pablo Bouza Suárez (xefe de servizo de Cultura e Educación do Concello de Culleredo)

Suplente.- Luz Pedreira González (técnica administración especial do Concello de Culleredo)

**Terceiro.-** Convocar aos aspirantes admitidas/os ao proceso selectivo de auxiliar de administración, grupo C2, funcionario de carreira, promoción interna, polo procedemento de concurso oposición á realización do 1º exercicio da fase de oposición, na data, hora e lugar que se indican a continuación:

Día: 18 de xullo de 2024

Hora: 10:00

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Culleredo, sito na rúa do Concello, 12 - 15189 Tarrío - Culleredo.

**Cuarto.-** Publicar o contido desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na web do Concello para xeral coñecemento.

3 de 4



Código do documento	Código do expediente
UPO18I01IN	UPO/2023/55
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3N0P 5V4K 650N 4L5D 00N7	

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

C.I.F. P-1503100-H

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, a data da sinatura dixital

A concelleira delegada de Cohesión social,  
Recursos humanos e Réxime interior

Dou fe  
O Secretario xeral

FIGUEROA FUENTES,  
MARTA MARIA  
Concelleira delegada de  
cohesión social, recursos  
humanos e réxime interior PD  
(Resolución 1260 de  
04/07/2023, BOP num. 131  
de 11/07/2023)  
19/06/2024 14:32